

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 09/09/2019

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

SECRETARIO/A

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:15 horas do día 09/09/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02-sep-2019, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/4082

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal que figura unido ás propostas de gasto da presente Xunta de Goberno Local de 9 de setembro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministrados e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta dos informes do Órgano de Contratación (Alcaldía), nos que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se someten á aprobación da Xunta de Goberno Local de 9 de setembro de 2019, e que se atopan engadidos a cada un dos expedientes de gasto, cumpren co disposto no apartado primeiro citado

Nos citados expedientes non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4014

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con queixas recibidas polo funcionamento do establecemento "O Chiringuito da Compostela", indicando que non se respecta o horario de peche do mesmo.

Tendo en conta que o prazo da concesión do citado establecemento rematou o día 7 de xullo de 2019, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar da Dona Vanessa Lucía Vázquez Rey, que deberá cesar na explotación do citado establecemento, e entregar as chaves no departamento de contratación, non podendo realizar ningún tipo de actividade no mesmo.

PRP2019/4015

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa petición de pintado de un reservado de estacionamento fronte á rampla de saída para cadeiras de rodas do portal do edificio nº 107 da Avda. Rosalía de Castro, no que se indica que a beirarrúa efectivamente é moi estreita e de estar un vehículo estacionado fronte á citada rampla, pode dar lugar a danos no vehículo, e en todo caso, supón unha gran dificultade para a manobra da cadeira, polo insuficiente ancho da beirarrúa. En tanto non se renova esta beirarrúa, moi utilizada na época estival polos peóns que acceden ou saen do areal, propón o pintado dun reservado fronte á rampla, para facilitar a mobilidade.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización da reserva fronte á rampla, utilizando o mesmo pintado que para os vaos permanentes (só a sinalización horizontal) dada as súas características, e colocar dous fitos cónicos plásticos, a ambos lados para evitar que os estacionamento invadan a zona reservada.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/4016

Dáse conta do escrito presentado por D. Ramón Barba Espiño, solicitando que polo Concello se fagan os traballos de repintado da sinalización horizontal no vao permanente situado na Avda. Rosalía de Castro nº 113-Baixo - Esq.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que conforme ao disposto nos puntos 3 e 7, do Art. 64 da vixente Ordenanza de Circulación, corresponde a sinalización e mantemento dos vaos permanentes ós adxudicatarios da licenza, procedendo unicamente a sinalizar o Concello cando se efectúa a sinalización completa de algunha rúa.

Previamente á realización dos traballos, no suposto de levarse a cabo, deberá poñerse en contacto coa Policía Local.

PRP2019/4017

Dáse conta do escrito presentado por ADC Encesterias, solicitando autorización para ocupación de vía pública para realizar un evento na Rúa Méndez Núñez os días 6 e 7 de setembro, en horarios de mañá e noite, con motivo do torneo que organizan, así como a colaboración municipal coa cesión de tarimas, impresión de cartelería, etc.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4018

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa colocación, por dona Mónica Juárez Borrallo, de dous maceteiros na vía pública, na fronte do inmovible situado na Rúa Veiga de Cima 2, segundo a súa manifestación co fin de evitar estacionamento de vehículos pegados ao inmovible, xa que non existen beirarrúas no lugar.

Visto informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda:

- Requirir a Dona Mónica Juárez Borrallo para que proceda á retirada dos maceteiros.
- Proceder ao pintado dunha zona cebreada (a modo de illeta) rematada polo lado exterior por unha liña amarela continua, para evitar os estacionamento e permitir o paso de peóns e prohibir o estacionamento.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/4019

Dáse conta do escrito presentado por D. Joau paulo Alves, en representación de NUCLEO GICAP ARTES MARCIALES MIXTAS, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia ás 11 horas e na Praza da II República ás 18 horas, o día 7 de setembro, para a realización dun evento

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4020

Dáse conta de escritos presentados por D. Alberto Estevez Caldas denunciando a colocación polo propietario da vivenda situada na Rúa Castiñeiro nº 25, no lateral que da á Rúa Morango, se atopan situadas pedras de gran tamaño que dificultan o paso de vehículos pola citada rúa Morango e solicita que se inste ao propietario á retirada das mesmas.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que non se constata que poidan dificultar o paso dos vehículos xa que se atopan pegadas á fachada da casa de cubrindo un espazo que está na marxe dun poste de madeira que está á mesma altura. Respecto á arbore que se atopa na confluencia das dúas rúas, efectivamente impide a visibilidade do sinal, polo que se advertiu verbalmente ao propietario da vivenda de que deberá recortalo de xeito que o sinal vertical quede libre de visibilidade, ao igual que unha serie de plantas que poden acabar chegando á calzada.

Así mesmo obsérvase que na mesma liña se atopan outras macetas colocadas en distintas edificacións na Rúa Morango.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Xerencia de Urbanismo en relación coa ocupación da vía pública, para que, realicen unha proposta ao respecto.

PRP2019/4021

Dáse conta de escritos presentados polo Inspector Xefe da Comisaría de Vilagarcía de Arousa, D. José María Quintana González, solicitando a instalación de bolardos abatibles nas beirarrúas perimetrais da Comisaría, co fin de garantir a seguridade nas instalacións policiais na Avda. Mariña nº 9.

Visto o informe favorable da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a colocación de bolardos abatibles nas beirarrúas perimetrais da Comisaría, e decidir, na beirarrúa ubicada entre a Comisaría e o edificio municipal (Praza da Peixería).

PRP2019/4022

Dáse conta de informe da Policía Local en atención dunha chamada derivada do CNP que alertaba da presenza dunha persoa cunha bicicleta nas instalacións do denominado Balneario de Praia de Compostela, e no que indican que realizada inspección identifican dúas persoas que manifestan dormir no inmovible.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que polo Servizo Municipal de Obras se proceda ao tapiado das fiestras da galería traseira do segundo andar que da a praia, para evitar o acceso ao inmovible.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras.

PRP2019/4023

Dáse conta do escrito presentado por D. Iñigo Bellido Fonseca e/n **Vehículos Pérez Rumbao (Vepersa)** solicitando autorización para instalación dun directorio de empresas na rúa Daniel Espiño, no que figurarían todas as empresas do polígono de Trabanca Badiña. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e visto o informe da Policía Local acorda requirir ao solicitante para que presente o deseño, dimensións ou volume da ocupación de vía pública para poder informar da mellor ubicación, para o devandito directorio.

PRP2019/4024

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Dolores Rodríguez Gil, no que solicita a colocación dun sinal de rúa sen saída para a Rúa do Souto á altura do nº 48.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que é un camiño de uns 30 m. cunha zona de apenas 2 metros de anchura que conduce a 3 vivendas, e sen saída, sendo o tráfico unicamente para o acceso ás tres vivendas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4025

Dáse conta de informe da Policía Local de proposta de sinalización seguinte:

- Prohibición á circulación de vehículos cunha masa máxima superior a 5 toneladas, na Rúa Rubiáns de Abaixo, colocando un sinal a partir das entradas ás naves industriais de Baigar e Talleres Fernández, situadas en Rubiáns de Arriba.
- Colocación doutro sinal na confluencia das Rúas Quintana e no Lago á saída da rotonda de acceso á N-640.
- En relación á preferncia de paso na intersección das Rúas Quintana e Lago de Rubiáns, na actualidade non hai sinalización, se ben débese pintar un Stop acompañado de sinal vertical, na confluencia de ambas, dando preferencia aos vehículos que circulan procedentes da Rúa Quintana.
- Así mesmo considran recomendable a implantación de sentidos únicos debido á existencia de varias vías estreitas pero moi carcanas entre si, co que os desprazamentos extras dos veciños serían mínimos e as dificultades nas incorporacións e cruces entre vehículos se'ria menor, gañando polo tanto seguridade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a colocación de sinal na Rúa Rubiáns de Abaixo, na situación indicada pola Policía Local, e decidir, a partir das entradas ás naves industriais de Baygar e Talleres Fernández.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/4026

Dáse conta de escrito presentado por D. Manuel Rivera Sánchez comunicando que o espello que facilita a saída da Travesía San José para incorporarse á Rúa San José se atopa mal regulado e indicando así mesmo que os vehículos estacionan no principio da travesía dificultando a entrada e saída.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á regulación do espello co fin de facilitar a incorporación de vehículos procedentes da Tv. San José, que efectivamente está mal regulado.

Acórdase así mesmo que se proceda ao repintado da liña amarela que prohibe o estacionamento na Tv. San José.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/4027

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro Vázquez, en representación de Alcoholicos Rehabilitados Arousa (AREVA), solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 7 de setembro, en horario de 10:30 a 13:30 horas así como a instalación dunha carpa, unha mesa e catro cadeiras.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno local queda sabedora.

PRP2019/4028

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria del Rocio Louzán Blanco, en representación de Centro Comercial Aberto - Zona Aberta, solicitando autorización para organizar a festa infantil "A Volta ao Cole 2019" o día 9 de setembro, de 17 a 21 horas, na Praza de Galicia, Alcalde Rey Daviña e Praza da Independencia.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/4031

Dáse conta do escrito presentado por D. Oscar Rey Muñiz, en representación de Asociación Fonte da Coca, solicitando a instalación de sinalización de velocidade máxima a 30 km/hora en Rúa A Florida e Rúa Bubela.

Dáse conta de informe da Policía Local no que indican que as citadas rúas non dispoñen de sinalización específica de velocidade, polo que a xenérica é de 50 km/h. e que realizado un control na confluencia das Rúas Florida e Bubela, deu o seguinte resultado:

- Vehículos controlados 50.
- Velocidade máxima: 28 km/h.
- Denuncias: 0

Así mesmo indican que se podería sinalizar as devanditas vías con sinal específica de 30 km/h, dado que non parece que sexa un prexuízo por canto a que os vehículos que se controlaron non chegan a esa velocidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda a sinalizar a 30 km/h a velocidade nas citadas rúas.

Acórdase así mesmo remitir o informe da Policía Local ao Sr. Rey Muñiz.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/4032

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa petición sobre praza reservada a persoas con discapacidade na Rúa Manuel Antonio e no que indican que logo de realizada unha inspección considerase que o lugar máis axeitado é antes do paso de peóns situado fronte ó número 8 da citada rúa, colocando sinal vertical e sinalización horizontal regulamentaria.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización de conformidade co informe da Policía Local, na Rúa Manuel Antonio fronte ao nº8.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/4033

Dáse conta de escrito presentado por Dona Rosa Pérez Díz solicitando a instalación dun espello na Avda. de Vilanova nº 22, á altura da saída do seu garaxe, para facilitar a incorporación dos usuarios do mesmo á circulación.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación de espello efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios do garaxe.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

PRP2019/4034

Dáse conta do escrito remitido por Comercializadora Reguladora Grupo Naturgy en relación á instalación fotovoltaica do Concello de Vilagarcía de Arousa e achegando o modelo de contrato de representación de referencia da instalación ES0022000008203168MK1F001 - FOT. AYTO. VILAGARCÍA DE AROUSA, para os efectos de expedición de facturas, de conformidade co RD 1619/2012.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a sinatura do contrato co fin de que Comercializadora Reguladora Gas&Power poida expedir facturas en nome do Concello de Vilagarcía de Arousa en relación coa instalación fotovoltaica indicada.

Dar conta á Tesourería así como ao Servizo Municipal de Electricidade aos efectos oportunos.

PRP2019/4035

Dáse conta de escrito remitido polo Servizo Provincial de Pontevedra da consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de autorización para a colocación de paneis de alta visibilidade con sinalización de limitación de velocidade a 50 km/hora e advertencia de controis con radar e instalación de sinais de limitación de velocidade a 50 km/h como reforzo da sinalización xa existente nos puntos quilométricos que se indicaban na documentación remitida por este Concello coa solicitude, non podendo afectar ao resto da sinalización vertical da calzada.

Antes da instalación da sinalización farase o replanteo co persoal de vixilancia do Servizo Provincial de Estradas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, da situación respecto as estradas:

- PO304 Saiar-Vilagarcía de Arousa
- PO301 Pontearnelas- Vilagarcía de Arousa
- PO192 Bamio (límite concello)

Dar conta á Policía Local.

PRP2019/4036

Vista a proposta do Departamento de Informática en relación coa necesidade de contratación dun sistema de comunicacións para a Escola Infantil de Vilaxoán, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa Vodafone España SAU o subministro dun router Huawei B525, dous terminais BPA COCOMM DT 150 v e alta servizo de presentación de número fixo, por un importe de 219.01 €, con cargo á partida 323.213.

A cota mensual terá un importe aproximado de 135 €, facturándose xunto co resto de telefonía e servizos móbiles do Concello, mediante unha factura individual (partida 323.22200).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4038

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto do subministro de material (mallazo e formigón) paa reparación de beirarrúas en Urbanización Miramar, por un importe total de 1.705,37 €, con cargo á partida 453.201, coa seguinte desagregación:

- Orzamento de Aridos del Umia SAU, subministro de formigón por importe de 1.367,78 €
- Orzamento de Almacén e Ferros Arousa SL, subministro de mallazo por importe de 337,59 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4041

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas e con motivo de reforma de muro en sobreiral - Cea, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Elaboración Granitos Mondariz SL para o subministro de material (85 ml. de perpiaño de 38 x 20 en gris mondariz toscó, porte incluído), por un importe total de 1.439,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4078

Dáse conta do escrito presentado por Club Olímpic Vilagarcía, solicitando autorización para realización dunha Macroexhibición de Taekwondo e Talleres e Taekwondo e Zumba o día 14 de setembro na Praza de Galicia, así como a colaboración municipal coa cesión de material e realización de carteis publicitarios.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración do evento, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/4079

Dáse conta do escrito presentado por Club Xadrez Fontecfarmao, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Rúa Castelao (fronte ao pavillón), os días 6, 13 e 20 de setembro, en horario de tarde, así como a colaboración municipal coa cesión de 5 mesas e 30 cadeiras.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración do evento, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/4081

Dáse conta do escrito presentado por 31 bombeiros profesionais que son a totalidade da plantilla do Parque de Bombeiros de Ribadumia e Vilagarcía de Arousa solicitando a adopción de determinadas medidas por parte do Concello.

Dáse conta do informe do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias, que sinala en resume o seguinte:

PRIMEIRO: O Concello de Vilagarcía se adheriu no seu día ó Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e Salvamento da Provincia de Pontevedra (C.P.E.I.S.). O Concello de Vilagarcía de Arousa ten creado o Servizo Municipal de Protección Civil e Emerxencias, tal como recolle o apartado a) do artigo 27 da lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia. Por outra parte e competencia do Concello o garantir a prestación do servizo de atención as emerxencias que se produzan dentro do termo Municipal.

SEGUNDO: Cabe indicar que o Concello de Vilagarcía conta cun Servizo de Emerxencias PROFESIONAL, composto por 15 PROFESIONAIS e tamén coa Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, actuando esta última sempre baixo a supervisión e mando do persoal do Servizo de Emerxencias PROFESIONAL, dando así cumprimento ó que establece a Lei de Emerxencias de Galicia no seu artigo 44. 2. “Cada grupo operativo estará conformado por el personal profesional y voluntario que por su formación y actividad ordinaria esté específicamente preparado y equipado para el desarrollo de las actividades contempladas en la presente ley”. Sendo sempre un profesional remunerado o que dirixe o persoal voluntario que presta servizo

dentro do grupo operativo.

TERCEIRO: Todos os medios dos que dispón este Servizo, con independencia da súa titularidade (proprios, arrendados, cedidos, etc), son coordinados e dirixidos polo persoal PROFESIONAL remunerado do Servizo Municipal de Emerxencias, sendo este persoal o que toma as decisións sobre a súa mobilización, emprazamento, operativa, etc.

CUARTO: Todas as emerxencias para as que é mobilizado este Servizo, son comunicadas ó CIAE112 á maior brevidade posible.

QUINTO: O persoal do Servizo de Emerxencias deste Concello, conta con moitos anos de experiencia e formación, en algúns casos a mesma que a recibida polo persoal do C.P.E.I.S. a través da Academia Galega de Seguridade Pública (A.G.A.S.P), ó igual que sucede con moitos dos voluntarios que tamén son formados pola A.G.A.S.P. e no seu ámbito laboral se adican a tarefas relacionadas coas emerxencias (Técnicos en emerxencias sanitarias, policía, enfermeiros, técnico en emerxencias e protección civil, bombeiros, bombeiros forestais, socorristas acuáticos, etc).

A Xunta de Goberno queda sabedora e acorda informar aos bombeiros dos Parques que as emerxencias se están poñendo en coñecemento do 112, e que deberán seguir o diálogo entre o servizo municipal de emerxencias e os representantes do Consorcio Provincial.

PRP2019/4149

O Concello de Vilagarcía de Arousa na Xunta de Goberno Local de 18 de febreiro de 2019 acordou formular alegacións contra o proxecto de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada (Expts. XG600 a XG743).

Posteriormente o día 12 de agosto de 2019, a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento dun informe de Policía Local en relación ó proxecto de transporte público clave XG830, que fai referencia as liñas de transporte cun orixe e destino en Vilagarcía de Aousa e aos inconvenientes que plantexa o seu paso por determinadas rúas céntricas do Concello.

Tendo en conta que as primeiras alegacións non foron aceptadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a pesar de estar fundamentadas en datos obxectivos de poboación, número de pasaxeiros, liñas de transporte público e servizos públicos que prestan en Vilagarcía de Arousa, para toda a poboación da Comarca do Salnés (Hospital, Axencia Tributaria, Estación de Ferrocarril, Delegación da Seguridade Social, Delegación Provincial do ISM, etc.)

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, solicita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a retirada do citado proxecto de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada, para a súa nova reformulación.(Exptes. XG600, XG743 e XG830).

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2019/4061

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda, con cargo á subvención concedida pola Consellería de Cultura e Turismo, aprobar o gasto para a dotación de novidades editoriais en galego para as Bibliotecas e Axencias de Lectura, por un importe total de 1.739,80€, con cargo á partida 3321.22001, coa seguinte desagregación:

- Edicións Xerais de Galicia, S.A..... 1.163,80€

- Kalandraka Editora, S.L..... 576,00 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2019/4056

Dáse conta da solicitude de axuda, dentro do programa de “Axudas Municipais a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes 2019”, presentada pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Fontecarmoa.

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Laborais e o informe da do Servizo de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión dunha axuda, por importe de 6.497,60€ á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Fontecarmoa, con cargo á partida 170.489.

PRP2019/4080

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente o informe da Técnica-auxiliar, a Xunta de Goberno Local acorda modificar o importe adxudicado na Xunta de Goberno Local de 18 de marzo de 2019, a Cogami Reciclado de Galicia S.L. (Coregal S.L.) para a retirada anual e xestión do colector de plásticos mesturado do punto limpo, quedando fixado na contía de 2.577,17€.

TURISMO

PRP2019/4055

Dáse conta da proposta da Concellería de Turismo, para modificar o presusposto do punto lila nas Festas de San Roque, aprobado na Xunta de Goberno Local de data 12 de agosto de 2019 no importe de 508,20 do aluguer da caseta a Alyser Salnés, S.L.

O Punto Lila, estivo instalado, en dúas ocasións, na Praza da Segunda República e no orzamento enviado por Alyser Salnés, S.L. incluíase a retirada da caseta o día 19 de agosto para volver a ser instalada o día 22.

Dita empresa por falta de tempo no procedeu á retirada o día 19 polo que tampouco tivo que volver a traela para o día 22, polo que o orzamento definitivo enviado por Alyser Salnés, S.L. pasa a ser de 399,30€ polo aluguer da caseta do punto lila, para os dous días.

CULTURA

PRP2019/4062

Vista a solicitude de D. José Martín Ventoso Portas, en representación de Comisión de Festas Santa María, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración con motivo da celebración das Festas na honra de Sta. María en Guillán os días 13 e 14 de setembro:

- Actuación do Grupo de Gaitas o día 14 de setembro da Asociación Cultural e Deportiva a Fonte Fría, por un importe de 315,00 € (IVE incluído).

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/4065

Vista a solicitude de M^a de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de **Asociación Protectora de Animales de Vilagarcía**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 21 de setembro de 2019, para a celebración dunha gala benéfica, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunicáselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

A póliza de seguros de responsabilidade civil, así como recibo que consta entregado na Concellería de Cultura, non cubre este evento, polo que deberán presentar a correspondente póliza de responsabilidade civil para ditas actividades, así como recibo e abono da mesma.

PRP2019/4067

Vista a solicitude de D. Pedro Comesaña Nandín, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 25 de setembro de 2019, para a celebración dunha xornada da Federación de Industria de CC.OO, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/4069

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 01-04-2019, de aprobación do

contrato entre o Concello e a Compañía Cayetano LLedó Martínez figurando no mesmo:

COMPAÑÍA	CIF	ESPECTÁCULO	DÍA	IMPORTE
CAYETANO LLEDÓ MARTÍNEZ	36118318S	SHERLOCK HOLMES	247-04-2019	2.800,00 €

Debendo figurar:

COMPAÑÍA	CIF	ESPECTÁCULO	DÍA	IMPORTE
CAYETANO LLEDÓ MARTÍNEZ	36118318S	SHERLOCK HOLMES	247-04-2019	2.900,00

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o citado erro.

PRP2019/4070

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de marzo de 2019, aprobando a colaboración municipal coa Asociación Comisión de Festas do Carmen e do Rosario de Vilaxoán para celebración do Entroido en Vilaxoán os días 8 e 9 de marzo, figurando no mesmo:

- Manuel Miguéns Martiñán, servizo de catering por un importe de 850,00€(IVE Incluído).

Debendo figurar:

- Miguel Miguéns Martiñán, servizo de catering por un importe de 850,00€(IVE Incluído).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o citado erro.

CONTRATACIÓN

PRP2019/3979

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía en relación coa limpeza das instalacións da Escola Infantil de Vilaxoán, como motivo do inicio do Curso

O Concello de Vilagarcía de Arousa dentro da súa política de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, así como de achegar os centros educativos a tódolos lugares do municipio donde existe unha demanda destes centros, evitando innecesarios desprazamentos e inconvintes aos proxenitores, construíu un novo Centro de Educación Infantil en Vilaxoán.

Estando próximo o inicio da actividade do centro é preciso realizar unha limpeza a fondo de toda a instalacións para que cando os nenos/as comecen o curso, a instalación se atope en perfectas condicións de uso, así como a posterior limpeza diaria da instalación.

Para levala a cabo a limpeza de aulas, barrido e fregado de solos, limpeza e desinfección de baños, limpeza de paneis e paredes e limpeza interior e exterior de cristales, farase uso da bolsa de horas das que dispón o concello coa adxudicataria do contrato de servizo de instalacións municipais, Clece, S.A. Na actualidade a empresa Clece, S.A. atópase levando a cabo a continuidade dun contrato de limpeza de instalacións municipais, xa que no Pleno celebrado o 30 de abril de 2019 retirouse o expediente do servizo de limpeza de edificios e instalacións do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Está previsto incluír na orde do día da próxima sesión plenaria que terá lugar o día 26 de setembro de 2019, o expediente para a nova contratación do servizo citado, coas correccións oportunas.

No que se refire ao tratamento de solos, consistente en fregado e encerado de toda a instalación, así como o material necesario para a súa correcta realización ao ser unha limpeza especial non incluída na bolsa de horas, é preciso a súa contratación de xeito separado, para o que se solicitou un orzamento (que se achega) á empresa Clece, S.A., que ascende a 755,04€ (IVE engadido).

